

BANDO INFORMATIVO

PROGRAMA EXTRAORDINARIO DE AXUDAS ECONÓMICAS A TRAVÉS DAS TARXETAS-MOEDEIRO

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, alcalde do Concello de Oroso (A Coruña)

Informa: A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e a Cruz Vermella Española en Galicia asinaron un convenio de colaboración para o inicio do Programa extraordinario de axudas económicas para a cobertura de necesidades básicas á poboación en situación de vulnerabilidade pola crise do COVID- 19 articulado a través de tarxetas moedeiro para a adquisición de produtos de alimentación , hixiene e farmacia.

Persoas beneficiarias do programa: Persoas e familias residentes en Galicia que se atopen nunha situación de vulnerabilidade económica ben por que carecen de ingresos efectivos ou ben porque os ingresos da unidade de convivencia non acadan o importe que lles correspondería en concepto do tramo persoal e familiar de RISGA (artigo 21 da lei 10/2013 de 27 de novembro de inclusión social de Galicia):

Número de convivintes	Limite económico máximo	
	Sen menores	Con menores
1 persoa	403,38	
2 persoas	478,68	
3 persoas	543,22	
4 persoas	597,00	
5 persoas	645,41	650,78
6 persoas	645,41	707,56
7 persoas ou máis	645,41	726,08

Contías: As tarxetas moedeiro cárganse con periodicidade mensual durante tres meses con distintos importes de axuda económica en función das persoas integrantes da unidade familiar: 150 euros para unha persoa , 200 euros para dúas e 300 euros para tres ou máis.

Prazo de presentación: Todo o ano

Lugar de presentación: Departamento de servizos sociais. Rúa do deporte, baixo. **Cita previa no teléfono 981 688 950**

Oroso 6 de xullo de 2020

O alcalde
 Manuel Mirás Franqueira

